CONCELLO DE PONTEVEDRA

Número de expediente:2018/TRIBUNAL/000010

RESOLUCIÓN DO CONCELLEIRO DE GOBERNO RESPONSABLE DA ÁREA PERSOAL, RÉXIME INTERIOR E PATRIMONIO POLA QUE SE APROBA O NOMEAMENTO DE PERSOAL ASESOR DO TRIBUNAL NO PROCESO SELECTIVO CONVOCADO PARA A FORMACIÓN DUNHA LISTA DE RESERVA PARA A PROVISIÓN INTERINA DE PRAZAS DE TÉCNICO/A MEDIO/A DE XESTIÓN PARA O TERCEIRO EXERCICIO, CONSISTENTE EN COÑECEMENTO DO IDIOMA INGLÉS

Consonte á base 8ª das bases xerais que rexen a convocatoria do proceso selectivo convocado para a formación dunha lista de reserva para a provisión interina de prazas de técnico/a medio/a de xestión, integradas no grupo A, subgrupo A-2, da subescala técnica da escala de Administración xeral, publicadas no BOP núm. 176 do 12 de setembro de 2018, o tribunal cualificador poderá dispor a incorporación ós seus traballos de asesores especialistas para as probas cos labores que estime pertinentes, limitándose estes a prestar colaboración e as súas especialidades técnicas.

Á vista do anterior esta concellería de goberno, no exercicio das súas atribucións delegadas,

RESOLVE

Primeiro.- Designar en calidade de membro asesor do tribunal para o terceiro exercicio sobre coñecemento do idioma inglés a Dona Ana Sánchez Mosquera, profesora do departamento de Inglés da Escola Oficial de Idiomas de Vigo.

Segundo.- Publicar a presente resolución no taboleiro de anuncios do Concello de Pontevedra para xeral coñecemento e efectos e, de forma complementaria, na Sede Electrónica do Concello de Pontevedra (sede.pontevedra.gal).

Así o ordena e dispón a concellería de goberno responsable da Área de Persoal, Réxime Interior e Patrimonio, no exercicio das súas atribucións delegadas, en Pontevedra, na data da sinatura electrónica, do que eu, Secretario da administración municipal, dou fe.

Asinado por: SECRETARIAPONTEVEDRA 2
En data: 15/11/2018

Asinado por: JOSE CARLOS CASTIÑEIRA PIÑEIRO
Servizo: SECRETARIA DA ADMINISTRACIÓN MUNICIPAL
Cargo: SECRETARIO
Data: 14/11/2018

Asinado por: VICENTE LEGISIMA GARCIA
Servizo: ALCALDIA
Cargo: CONCELLEIRO
Data: 14/11/2018
Este documento foi asinado electrónicamente conforme á lexislación de sinatura electrónica
COD RESOL.2018005026

Este documento foi asinado electrónicamente no Concello de Pontevedra. Pode comprobar a súa autenticidade en: https://sede.pontevedra.gal introducindo o seguinte código seguro de verificación:3GG1XLYB19AJBNZP